



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1134-1102

DECRETO DO ALCALDE

Asunto.- Modificación delegación especial.-

En data 4 de outubro a FIFA anunciou a decisión de que a candidatura única para a Copa Mundial da FIFA 2030 sería a candidatura conxunta de España, Portugal e Marruecos sendo de interese do Concello de Vigo a participación no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede no proxecto de candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.

Por Resolución da Alcaldía de data 7.02.2023 e conforme o artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais delegouse no Segundo Tenente Alcalde e Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira todas as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.

Ante a brevidade dos prazos conferida pola Real Federación Española de Fútbol para presentación, se procede, da documentación que formalice a candidatura cómpre imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución dos expedientes administrativos, para o cal resulta aconsellable ampliar a delegación especial conferida por esta Alcaldía e atribuír ao concelleiro a representación do Concello de Vigo e a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

De e conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais segundo o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Modificar a Resolución da Alcaldía de data 7 de febreiro de 2024 e delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira a representación do Concello de Vigo e todas as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/03/2024 13:47	Páxina 1 de 2
1134-1102	CSV: A6AB41-235957-8AC154-5WM7QT-XN9DC3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO.- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas. Así mesmo, deberá ser informada previamente á adopción de decisión de transcendencia, nos termos que por esta se determinen.

TERCEIRO.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas

CUARTO.- Notificar ao Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de Área de Goberno de Fomento e Servizos.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento

SGF

O ALCALDE, ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

A SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL, SUSANA GALLARDO FARIÑA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/03/2024 13:47	Páxina 2 de 2
1134-1102	CSV: A6AB41-235957-8AC154-5WM7QT-XN9DC3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		